


Este arquivo é unha presentación en pdf interactiva.

Mediante a botoeira situada na esquina superior dereita poderá avanzar, retroceder páxina e volver ao inicio.

Para saír da presentación prema a tecla "**esc**".


Para comezar, prema **aquí**.

# 20 MARATÓN FOTOGRAFICO DO CAMPUS



# 20 MARATÓN FOTOGRAFÍCO DO CAMPUS

— 30  
setembro  
2014



## CONCELLO DE LUGO

Sr. D. Xosé Clemente López Orozco  
Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo

Sra. Dna. Carmen Basadre Vázquez  
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude  
e Promoción da Lingua

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sr. D. Antonio Veiga Outeiro  
Vicepresidente da Deputación de Lugo

Sr. D. Mario Outeiro Iglesias  
Deputado da Área de Cultura e Turismo

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sr. D. Juan Viaño Rey  
Reitor Magfco. da Universidade de Santiago de Compostela

Sr. D. Javier Bueno Lema  
Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo

Sra. dona M<sup>a</sup> do Carme Silva Domínguez  
Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo

## EXPOSICIÓN

Coordinación  
Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Responsabilidade Social

Montaxe  
Electrocalgas

Comisario  
Eduardo Ochoa

## CATÁLOGO

Coordinación  
Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Responsabilidade Social

Foto contraportada  
Yana Nagaytseva

Deseño e maquetación  
ta ta ta

Depósito legal  
LU 166-2014

## CRÉDITOS

© Da edición, Lugo Cultural  
© Dos textos, os seus autores  
© Das fotos, os autores

## O certame

Esta iniciativa, que se vén celebrando dende hai vinte anos coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ, configura unha das actividades máis consolidadas e exitosas das promovidas actualmente dende Lugo Cultural. Fotógrafos máis ou menos profesionais ou afeccionados de dentro e fóra da comunidade universitaria participan habitualmente desta iniciativa que os leva a buscar durante unha xornada a imaxe que mellor resume os temas propostos pola organización.

A vixésima edición do Maratón desenvolveuse durante a xornada do día 30 de setembro sendo o tema proposto *LUGO DIVERSO*. Baixo esta epígrafe e buscando fomentar a creatividade sen fixar ningún tipo de fronteiras, convidouse ás máis de 60 persoas inscritas neste certame artístico, a tomar olladas 'diversas' da capital luguesa, ademais das de temática LIBRE, tal e como se recolle nas bases. Deste xeito, a barreira temporal, establecida en pouco máis de 24 horas, que son as que transcorren desde a entrega de material aos participantes ata o prazo máximo de recepción dos traballos, foi case que o único obstáculo ou norma de obrigado cumprimento.

## Os premiados

Logo de valorar a calidade e orixinalidade de todos os traballos presentados, o xurado decidiu outorgarlle:

**Tema: LUGO DIVERSO**  
premio **CARLOS VALCÁRCEL**  
a **Yana Nagaytseva** pola fotografía:  
***O antigo e o novo***

**Tema: LIBRE**  
premio a **José Marcelino Saavedra Martínez**  
pola fotografía:  
***Ascensión***

Á vista da calidade dos traballos, o xurado decidiu conceder tamén:

Accésit xurado a **Rafael Corral Bellas**  
pola fotografía:  
***Apertas infernais***

## Exposición dos traballos

Na exposición dos traballos presentados a esta vixésima edición do Maratón, figuran todos os galardoados e unha fotografía por cada autor participante. No acto de inauguración desta exposición, na Sala Isaac Díaz Pardo da Facultade de Veterinaria, os representantes de Lugo Cultural, Eduardo Ochoa do grupo Fonmiñá e o fotógrafo lucense Carlos Valcárcel, que da nome a un dos premios, son os encargados de facer pública a decisión do xurado e de entregarlles os premios e diplomas aos participantes.

## O catálogo

Este catálogo recolle, ademais dos traballos premiados, unha selección representativa das fotografías presentadas ao certame organizadas por temas.

## BASES

**1.** Poderán participar todas aquelas persoas maiores de 18 anos que o desexen.

**2. Prazo de inscricións: ata as 14:00 h do día 23 de setembro de 2014.**

**3.** A data de celebración será o **30 de setembro**. Os participantes presentaranse o dito día **ás 10:00 h** na Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo, onde se procederá á: lectura dos temas, entrega de carretes ou CD (segundo modalidade) e ficha para que poidan presentar co título das fotografías e frases para incluír no catálogo, segundo se indica no punto 5.3. Ademais farase unha fotografía con todos os participantes co obxecto de incluíla no catálogo que se edite.

**4.** Cada participante poderá presentarse só nunha das dúas modalidades: **dixital** ou **analóxica**. Independentemente da modalidade, participarase **obrigatoriamente en dous temas**: un será proposto pola organización e o outro libre, debendo entregar 1 única fotografía por cada tema. As fotografías poderán ser realizadas en branco e negro ou en cor.

**5.** Entrega e selección das fotografías que se presentarán ao certame:

### 5.1 MODALIDADE ANALÓXICA:

**5.1.1** O **1 de outubro ata as 14:00 h**: Entrega de carrete.

**5.1.2** O **14 de outubro en horario de 10:00 a 13:00 h**: Os participantes deberán elixir as fotografías que queren presentar ao certame, a través da folia de contacto que lles facilitará a organización.

### 5.2 MODALIDADE DIXITAL:

**5.2.1** O **1 de outubro ata as 14:00 h**: Entrega do CD.

**5.2.2** No CD gravaranse as fotos en .jpg, con un máximo de 3.543 x 2.362 píxeles a 300 ppp. Cada fotografía arquivarase co nome do tema ao que corresponde.

### 5.3 EN ÁMBOS DOUS CASOS:

O autor **PODERÁ** cubrir a ficha facilitada pola organización, cos títulos que decida darlle a cada fotografía e/ou, no seu caso, a frase correspondente para incluír no catálogo (20 palabras máximo, en galego).

**6.** As fotografías presentadas polos participantes, serán reveladas pola organización para a súa posterior valoración polo xurado.

### 7. PREMIOS\*:

· Premio *Carlos Valcárcel* á mellor fotografía do tema proposto pola organización, dotado con 450 euros, trofeo e diploma.

· Premio á mellor fotografía do tema libre dotado con 300 euros, trofeo e diploma

· Expedirase un diploma acreditativo a tódolos participantes

**8.** A organización resérvase o dereito de facer a selección das fotografías que considere, co fin de expoñelas ao público no lugar e datas que se decida e, se é o caso, de editar en catálogo.

**9.** O lugar e data do fallo e da entrega de premios, será comunicado oportunamente.

**10.** O xurado encargado de fallar os premios será nomeado polos organizadores. A decisión do xurado será inapelable.

**11.** As fotografías premiadas quedarán en posesión da Universidade de Santiago de Compostela que poderá facer uso delas para os fins que estime oportunos, sempre facendo referencia a autoría das mesmas.

Calquera incidencia non prevista nestas bases, será resolta pola organización. O feito de participar neste Maratón Fotográfico supón a total aceptación das presentes bases.

\*Os premios en metálico estarán sometidos ás retencións fiscais legalmente establecidas.

Dúas palabras só para agradecer a moi boa acollida que tivo este ano, da mesma maneira que vén ocorrendo nos últimos anos, o Maratón Fotográfico do Campus de Lugo. Unha realidade que nos achega á nosa cidade e provincia de referencia, que é o principal obxecto fotografado, perfectamente recoñecible na maior parte dos traballos presentados. Se a fotografía é un intento por fixar o instante, unha constatación do efémero, do tempo como concepto, cremos que o Maratón pode ser interpretado mesmo como un labor social, que contribúe grandemente a documentar quen somos, quen eramos, xusto no momento en que estamos deixando de selo. A fotografía é tamén unha arte, que alén de que reproduce maiormente interpreta esteticamente a verdade das cousas. O noso Maratón Fotográfico pode ser lido tamén como un intento de transformar a cidade, a provincia, en beleza, e poñela a disposición de todos nós porque a beleza é o material co que traballa a nosa capacidade de mitificación. A imaxe do Lugo do futuro, obxecto en construción, bebe con claridade de iniciativas coma o Maratón Fotográfico. Nese sentido, podemos congratularnos de que a nosa cidade, a nosa provincia, o noso espazo sexa aínda un espazo pouco mitificado, pouco fixado, susceptible de constantes e novos desenvolvementos. E a esta intención contribúe perfectamente o noso Maratón, cuxo resultado presentamos no momento actual. Agardo que todas e todos disfrutemos con estes materiais, froitos de artesáns e artesás espontáneos, que converteron o noso espazo nun roteiro á procura do instante, da beleza e do mito.

#### **Carme Silva Domínguez**

**Vicerreitora de Servizos Universitarios do Campus de Lugo**

Cada ano que pasa queda máis claro que o Maratón Fotográfico do Campus Lucense é unha das máis valiosas iniciativas culturais de Lugo. Dende hai vinte anos véñse celebrando coa colaboración do Grupo Cinematográfico FONMIÑÁ. O éxito da convocatoria deste XX Maratón é un motivo de satisfacción para nós, tanto polo número das persoas participantes coma pola calidade das obras presentadas, preto de 50. É preciso destacar a importancia da Universidade que é un dos piares fundamentais do presente e do futuro, da aprendizaxe e da diversidade.

E tamén nos satisfai especialmente que, á parte do tema libre, este ano fose proposto pola organización como tema específico o “LUGO DIVERSO” buscando fomentar a creatividade das persoas participantes e a visión dunha cidade acollidora e divertida onde é gozoso vivir, aínda que sexa por poucos días para as persoas que nos visitan con esa ocasión.

Quero felicitar non só as persoas premiadas neste maratón fotográfico, senón a todas ás que o fixeron posible co seu traballo e a súa participación.

#### **Carmen Basadre Vázquez**

**Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua**

Un novembro máis esta sala Isaac Díaz Pardo de Veterinaria acolle o resultado final do Maratón Fotográfico do Campus de Lugo, unha nova edición deste consolidado certame organizado pola Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá ao abeiro do programa Lugo Cultural, un convenio no que actualmente estamos representados, ademais da institución académica compostelá, a Deputación e o Concello de Lugo.

A vixésima edición deste certame fotográfico, aberto á participación tanto de fotógrafos como de afeccionados, pertencentes ou non á comunidade universitaria, demostrou unha vez máis o seu poder de convocatoria e a calidade dos traballos presentados polo medio cento de persoas que, coa súa cámara na man, se botaron ás rúas desta cidade o pasado 30 de setembro para retratar este Lugo Diverso.

Nestes 20 anos de outono fotográfico puidemos comprobar a evolución da cidade e a evolución mesma da fotografía. Nestas dúas décadas, á par que chegaba o cambio climático que nos trouxo, por exemplo, este ano un outono atípico climatoloxicamente falando, chegaba tamén un cambio tecnolóxico plasmado en todas as facetas da nosa vida, tamén na fotografía. Boa mostra é este certame, que comezou sendo analóxico e presenta hoxe, por terceiro ano xa, un catálogo unicamente dixital.

Xa para rematar, quero felicitar a todos os participantes e a todas as participantes na edición deste ano, premiados ou non, por mostrarnos a súa visión da cidade de Lugo e por contribuír, cos seus traballos, a esta exposición e a este catálogo colectivos. E reiterar, como responsable da Área de Cultura e Turismo da Deputación o noso comprimoso e o noso apoio con esta iniciativa, no convencemento de que a colaboración entre as distintas administracións e institucións é positiva para a cidadanía.

#### **Mario Outeiro Iglesias**

**Responsable da Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo**

Un ano máis, e xa son vinte, para confirmar o interese que esperta o Maratón Fotográfico.

É moi satisfactorio comprobar que en cada edición foi crecendo o número de participantes e mellorou a calidade dos traballos presentados. Pero máis satisfactorio é aínda saber que o maratón está servindo para animar a observar e interpretar o que nos rodea e para gozar as diversas posibilidades de construír imaxes.

Pensar e practicar a fotografía en 24 horas esixe combinar con rapidez habilidades técnicas e creatividade, pero adoita dar resultados inesperados e admirables.

Finalmente, o maratón dá a oportunidade de compartir un traballo fotográfico persoal para que poida ser valorado polos demais.

#### **Eduardo Ochoa**





**PARTICIPANTES NO VINTE MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS**  
Fotografía: Ignacio Rodríguez

Tema: LUGO DIVERSO

premio **CARLOS VALCÁRCEL**  
a **Yana Nagaytseva** pola fotografía:  
*O antigo e o novo*



**YANA NAGAYTSEVA**  
Premio Carlos Vácarcel: *O antigo e o novo*

*O reflexo do seminário nun edificio novo.  
O antigo e o novo son as partes da nosa vida*





Tema: LIBRE

premio a **José Marcelino Saavedra Martínez**

pola fotografía:

***Ascensión***

Accésit xurado a **Rafael Corral Bellas**

pola fotografía:

***Apertas infernais***

**JOSÉ MARCELINO SAAVEDRA MARTÍNEZ**  
Obra premiada: *Ascensión*

*Mirada beática. Composición vertical. Acto de elevación.  
Nun intre atópanse o prosaico e o espiritual*





**RAFAEL CORRAL BELLAS**

Accésit xurado: *Apertas infernais*

*As malas compañías na natureza*



## Tema: LUGO DIVERSO

Traballos seleccionados





**ÓSCAR ABELLEIRA FERREIROS**  
*Entre muros*

*Un Lugo diverso que, despois de marabillar coa  
súa muralla, só con atravesar unha porta faino  
coa súa bela catedral*



**IVÁN ANTONIO ÁLVAREZ MERAYO**  
*Mada*

*Non é doado abstraer a diversidade. Alta, baixa,  
negro, branco. Eu quedo cos solidarios fronte  
aos egoístas; co respecto á terra*



**JESÚS ALFONSO ANTÓN MARTÍNEZ**  
*Néboa envolvente*

*A néboa de Lugo, onde a diversidade esvaece*





**JOSÉ ANTONIO AYÁN RODRÍGUEZ**  
*Rico, rico*

*Como se come en Lugo, con poucos cartiños  
neste caso e con menos tamén*







**RAÚL DA PENA LÓPEZ**  
*Perspectiva*

**BRAULIO DOVAL FERNÁNDEZ**  
"Underground"

*A cultura "underground" alternativa e as novas  
canles de comunicación*



**OMAR FEIJOO GUERRERO**  
*O gardián no Lugo rural*







PABLO FERNÁNDEZ DÍAZ  
*Crisol*





**MANUEL FERRADÁS BAUTISTA**  
*Diversas pegadas sobreexpostas no camiño*

**SALOMÉ FRESCO BARBEITO**  
*Vida cotiá*







**JESÚS GONZÁLEZ LÓPEZ**  
*E para diverso... Lugo*





**ROBERTO MOURIZ LAMAS**  
*Arquitectura e natureza*

**MARÍA ÁNGELES NEIRA SINDE**  
*Cordelaría*

*Cordelaría, alternativas sen globalizar.  
Tradición sen mercadotecnia*



**BEGOÑA PÉREZ LÓPEZ**  
*Lugo diverso*

*A diversidade está na xente, no produto,  
na arquitectura e na feitura*





**ROSA MARÍA PÉREZ MARTÍNEZ**  
*Branco e negro*

*A arquitectura é cuestión de harmonías,  
unha pura creación do espírito*



**MARTA RODRÍGUEZ GUTIÁN**  
*"¿Quién vive ahí?"*



**CARLOS ALBERTO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**  
*"A day in the life"*

*O San Isidro: non é benaventurado o que  
fai o ben, senón quen o fai sen cesar*







**GUILLERMO MANUEL VARELA GONZÁLEZ**  
*Lenzo*



**ÓSCAR VÁZQUEZ ARROJO**  
*Atardecer do outono*

**BRAIS VÁZQUEZ SEIJAS**  
*Tellados*

*A catedral queda envolta por un mar de tellados e antenas que semellan querer chegar onda ela*







## Tema: LIBRE

Traballos seleccionados



**MERCÉ ÁLVAREZ FERNÁNDEZ**  
*Ten un ano menos que os meus*



**JOSÉ LUIS CARBALLO VÁZQUEZ**  
*Derradeiro solpor*

*Vista dende a muralla do derradeiro solpor  
do mes de setembro de 2014*





**ROI CUBA DORADO**  
*Chegou o outono*

*Un pequeno grilo observa as  
primeiras castañas do ano cando  
comezan a saír os cogomelos*





**RODRIGO DÍAZ LÓPEZ**  
*Depósito da auga*

*Foto do depósito de auga da Piringalla*



**JAIME FUENTETAJA OLMOS**  
*Sen título*





**JAVIER GARCÍA AGUETE**  
*Solpor lucense*

*Non hai nada mellor que saír de clase,  
ir correr pola muralla e ver este marabilloso solpor*



**PATRICIA GONZÁLEZ LÓPEZ**  
*"Todos los caminos llevan a Roma"*



**AMALIA GORGOSO PACIOS**  
*A torre do vixía*





**ANA GUILLÉN GARCÍA**  
*Castañas no castiñeiro*

*Primeiro sinal da chegada do outono a Lugo:  
castañas na praza do Castiñeiro*



**MARTA GUIMAREY ESPÍNO**  
*A chegada do outono*







**MARTA ILLERA VIVES**  
*Folla*

*Fento, felgo, fenta, feita, feito, folgueira*



**JAVIER LÓPEZ DÍAZ**  
*Tempos máis escuros*

*A chegada dunha nova estación na que os días teñen menos horas de luz, fai que nos lembremos das vivencias do verán*



**LEDICIA LÓPEZ RODRÍGUEZ**  
*Síntese xeométrica*






**PATRICIA LÓPEZ SEIJAS**  
*Gulliver en New York*



**MARTÍN GONZALO MARTÍNEZ BLANES**  
*Dragón*




**IVÁN MOURONTE BARREIRO**  
*Sen título*



**PEDRO MUNICIO FERNÁNDEZ**  
*Recantos*






**ANTONIO OTERO COSTAS**  
*Pared estoica*

*Índice de audiencia indignada*



**LORENA PASARÍN GARCÍA**  
*Proyección da luz*





**SARA RODRÍGUEZ DÍAZ**  
*Outono*

**DIEGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**

*Queres...?*

*Catro de xullo de 2015*





**FRANCISCO JAVIER ROMERO RODRÍGUEZ**  
*Muralla*



**IVO MANUEL TEIXEIRA ALVES**  
*Mirada guiada*



**MARÍA JESÚS VARELA PULPEIRO**  
*Lucía e a luz*

*Pecha os ollos e sinte a luz*





